

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE MARZO DE 2010

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/59/2010.- María Couselo Picón.-** Derruba dun cobertizo, construción de novo cobertizo e garaxe na rúa dos Caraveis nº 28.

**Lic/426/2010.- Migueles de Inversiones Inmobiliarias, S. L.-** Cerrume e construción de cuberta na rúa Sánchez Freire nº 86.

**Lic/2072/2009.- José Cao Vázquez.-** Legalización da ampliación dunha construción auxiliar no lugar de A Castiñeira Grande nº 25 – Sabugueira.

**Lic/2104/2009.- Juan Carlos Martínez Barreiro, en nome e representación da entidade Promotora Matimán, S. L.-** Edificio de 13 vivendas, locais comerciais, garaxes e rochos nas parcelas M3-A2 e M3-B2 do SUP-6 de Santa Marta.

#### CAMBIO DE TITULARIDADE.-

**Lic/617/2010.- María Teresa Pena Valiñas.-** Cambio de titularidade da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/05/2004 a prol de D. JOSÉ MANCEBO DANZA E DONA CLEMENTINA POSE NEGREIRA.

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

**482/10.- Malga, S. L.-** ..... Expte. Lic/383/2005 ..... 200 €.-

**391/10.- Malga, S. L.-** ..... Expte. Lic/857/2009 ..... 600 €.-

**390/10.- Malga, S. L.-** ..... Expte. Lic/1848/2009 ..... 2.000 €.-

**389/10.- Malga, S. L.-** ..... Expte. Lic/1485/2009 ..... 500 €.-

**388/10.- Malga, S. L.-** ..... Expte. Lic/1318/2009 ..... 5.000 €.-

**387/10.- Malga, S. L.-** ..... Expte. Lic/537/2009 ..... 600 €.-

**386/10.- Malga, S. L.-** ..... Expte. Lic/2353/2008 ..... 6.000 €.-

**385/10.- Malga, S. L.-** ..... Expte. Lic/1319/2009 ..... 500 €.-

**2268/09.- Tendidos Moncosa.-** ..... Expte. Lic/1857/2008 ..... 8.000 €.-

#### APERTURAS.-

**Lap/95/2007.- Vodafone.-** Instalación dunha estación base de telefonía móbil no lugar de Marrozos. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente.

### **6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas por importe de 6.349 euros.

### **7.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para prestación de Servizos Sociais.**

Solicítase á Xunta unha subvención de 884.247,17 euros para a realización de programas e actividades para servizos sociais comunitarios e outra de 57.125,31 para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

### **8.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á contratación do desenvolvemento do Programa de Prevención "En busca do tesouro das familias".**

Adxudícase o contrato para o desenvolvemento do devandito programa á asociación CHISEM por importe de 12.006 euros.

### **9.- Revisión de prezos do contrato administrativo para a xestión por concesión administrativa do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria no termo municipal de Santiago de Compostela.**

Apróbase a revisión de prezos do referido contrato, aplicando o IPC interanual de decembro de 2008 a decembro de 2009, do 0,80%, establecéndose o canon anual para o ano 2010 en 7.566.260,16 euros.

#### **10.- Diversos expedientes en materia de contratación.**

- Adxudícase provisionalmente o contrato de dirección facultativa das obras de construción do centro sociocultural en Santa Marta, incluída no FES 2010, á empresa EZCURRA E OUZANDE ARQUITECTURA, SL, por importe de 47.300 euros.
- Adxudícase o contrato de xestión de actividades culturais nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela, á empresa Xeneme Intervención Social, SL, por importe de 19.605,35 euros.
- Adxudícase definitivamente o servizo de creación, cobertura e mantemento do arquivo fotográfico do Concello de Santiago á empresa MARGEN FOTOGRAFÍA, S.L., por un importe de 40.000 euros máis IVE.
- Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e executivo e redacción de proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde do Centro Cívico do Romaño-Vista Alegre, por procedemento aberto, establecéndose un tipo total de licitación de 83.040,96 euros, actuación incluída no Programa Urbana Santiago Norte.
- Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación da prestación do servizo de acceso WIFI en espazos de uso público en distintas zonas de actuación, por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 31.895,69 euros.
- Acórdase prorrogar por dous anos, desde o 8 de abril de 2010 ao 7 de abril de 2012, o contrato de xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano no Concello adxudicado á empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL, por importe de 225.000 en 2010 e 375.000 nas anualidades 2011 e 2012.

#### **11.- Propostas das concelleiras delegadas de Urbanismo e de Persoal relativas á provisión dun/ha arquitecto/a Técnico/a para o departamento de Urbanismo.**

Acórdase o nomeamento dun/ha arquitecto/a Técnico/a para o departamento de Urbanismo polo prazo de dous meses.

#### **12.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á aprobación do concurso de escaparatismo SCQ Shopping Primavera 2010.**

Apróbanse as bases e un orzamento para o devandito concurso de 13.000 euros.

#### **13.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á aprobación da actividade "Homenaxe Comercio da cidade 2010".**

Apróbase un orzamento para a actividade de 6.000 euros.

#### **14.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo relativa á aprobación da actividade "Plan de Mellora para os comercios en activo: 2ª fase, concurso de proxectos".**

Apróbanse as bases e un orzamento para a devandita actividade de 29.300 euros.

#### **15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á formalización do remate do proxecto de expropiación da Variante Sar - Pontepedriña, 1ª fase. Execución da sentenza anulatoria, oferta de mutuo acordo e do reintegro indebido.**

Declárase formalmente a resolución do procedemento de expropiación, iniciado por taxación conxunta, dos bens e dereitos do "proxecto de expropiación da variante Sar-Pontepedriña (1ª fase). Execución sentenza anulatoria", a inexistencia das obrigas e da relación contractual establecida e a inexistencia de causa para a devolución de xustiprezo e xuros ao no proceder a devolución dos terreos.

#### **16.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á posta a disposición do Ministerio de Fomento de terreos para o proxecto de obra denominado "Seguridade**

**vial. Remodelación de enlace de acceso ao polígono do Tambre, Estrada N-550 P.K. 57'80".**

Acórdase a posta a disposición do Ministerio de Fomento de terreos para o proxecto de obra denominado "Seguridade vial. Remodelación de enlace de acceso ao polígono do Tambre, Estrada N-550 P.K. 57'80", que constitúen parcela única.

**17.- Aprobación da xustificación da subvención da Deputación para as actuacións de INCOLSA 2009.**

Apróbase a xustificación.

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do campo das Cancelas para a actividade "Casting Cracks".**

Acórdase autorizar o uso do campo de fútbol das Cancelas desde as 8.00 ás 19.00 horas do vindeiro mércores 7 de abril para a realización da actividade Casting Cracks.

**19.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago para o financiamento de redacción de proxectos de recuperación do Casco Histórico.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio polo que a Deputación realiza unha achega máxima de 85.409,30 euros para o financiamento da redacción dos proxectos do casco histórico (consistentes na recuperación dos seguintes ámbitos: parque urbano das Hortas, rúa do Carme de Abaixo, campo de San Antonio, rúa da Trisca, zona verde da unidade de execución da Trisca, aparcamento público da Trisca, rúa do Hospitaliño e rúa Loureiros). Esta achega supón un 80% do orzamento total.

**20.- Dar conta da sinatura da Addenda entre o Ministerio de Vivenda, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Santiago para dar continuidade ao acordo da Comisión Bilateral celebrada o 4 de decembro de 2008, relativa á Área de Urbanización Prioritaria de solo SUNP-14. Tras Paxonal. Programa 2007-2008. Comunidade Autónoma de Galicia.**

Dáse conta da addenda que ten por obxecto acordar a modificación do importe da actuación en concepto de adquisición de solo con respecto ao acordo asinado o 4 de decembro de 2008, así como reaxustar as inversións da anualidade 2010. Auméntase o custo global da actuación a 17.445.896,01 euros, correspondendo 9.029.627,73 de euros ao concepto de solo e 8.416.268,28 ao concepto de urbanización.

A subvención do Ministerio increméntase en 91.800 euros polo que achegará a cantidade total de **934.300** euros (5,36%). A inversión de Emuvisa increméntase en 8.937.827,73 achegando finalmente **16.511.596,01** euros (94,64%).

**21.- Dar conta da sinatura da Addenda entre o Ministerio de Vivenda, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Santiago para dar continuidade ao acordo da Comisión Bilateral celebrada o 4 de decembro de 2008, relativa á Área de Urbanización Prioritaria do solo SUNP-11. Castiñeiriño. Programa 2007-2008. Comunidade Autónoma de Galicia.**

Dáse conta da addenda que ten por obxecto acordar a modificación do importe da actuación en concepto de adquisición de solo con respecto ao acordo asinado o 4 de decembro de 2008, así como reaxustar as inversións da anualidade 2010. Auméntase o custo global da actuación a 8.424.039,99 euros, correspondendo 4.806.352,81 de euros ao concepto de solo e 3.617.687,18 ao concepto de urbanización.

A subvención do Ministerio increméntase en 47.400 euros polo que achegará a cantidade total de **446.400** euros (5,30%). A inversión de Emuvisa increméntase en 4.758.952,81 achegando finalmente **7.977.639,99** euros (94,70%).

## **URXENCIAS**

- Apróbase a ampliación do contrato con URBASER para o reforzo dos servizos de limpeza no Xacobeo, entre o 1 de abril e o 8 de novembro por importe de 245.591 euros.
- Apróbase a adxudicación á empresa MISTURAS das obras correspondentes á 3ª e última fase do saneamento da conca do río Aríns por importe de 150.000 euros.